



COSTA DE BUEU

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 28 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



O concello de Bueu está situado no extremo da banda sur da ría de Pontevedra e inclúe as illas de Ons, Onza e Centoleiro. Ten unha importante fachada costeira, o norte na ría de Pontevedra e o leste na de Aldán, cunha costa moi recortada e diversa, con zonas abrigadas e expostas, areas, praias, rochedos e cantís onde se alternan tramos de rochas graníticas con rochas metamórficas variadas (xistos, neís, cuarcitas...).

As principais actividades son a pesca, o marisqueo, a acuicultura e os servizos. Acolle importantes valores naturais, asociados aos ecosistemas costeiros protexidos no "Parque Nacional das illas Atlánticas (Arquipélago de Ons)" e nos LIC/ZEC "Cabo Udra" e "Ons-O Grove".

O patrimonio cultural está representado por igrexas, pazos, cruceiros, hórreos, muíños, peiraos e embarcacións tradicionais, salgas... Na vila de Bueu atópase o Museo Massó, un museo do mar que acolle unha interesante colección de documentos, artes de pesca e maquetas de embarcacións.

Propoñemos unha viaxe para coñecer os puntos máis interesantes e accesibles da costa de Bueu. De interese etnográfico, paisaxístico e ambiental no que podemos ver vivendas típicas, construcións portuarias, embarcacións de distintos tipos, antigas instalacións industriais e preindustriais, curiosas formacións rochosas e rochas cunha estrutura particular e atractivas paisaxes.

- 1-Praia Lapamán e Muíño Vello
- 2-Praia de Covelo
- 3-Punta Salgueiro. Montegordo.
- 4-Praia de Porto Maior. Illote Cabezón da Ría.
- 5-Praia de Agrelo
- 6-Punta Corveiro. Praia Loureiro.
- 7-Punta e praia de Petís. Punta Pescadoira.
- 8-BUEU. Porto. Praia Pescadoira.
- 9-Enseada de Bueu
- 10-Praia de Bueu/da Banda do Río
- 11-Punta Penedo.
- 12-Praia e punta Robaleira.
- 13-Praia de Beluso
- 14-Porto de Beluso
- 15-Praia A Roiba. Punta Arbosa.
- 16-Punta Trimiño. Illote do Muíño.
- 17-Praia Sartaxens. Illote O Cabalo.
- 18-Punta Aguda
- 19-Praia da Tulla
- 20-Punta Cornide
- 21-Praia e punta da Mourisca. Salga.
- 22-Praia Buceiro
- 23-Punta Cagadoiro
- 24-Praia do Pedrón. Cons do Pedrón.
- 25-Enseada e punta Centoleira
- 26-Punta Lombo da Besta
- 27-Cabo Udra
- 28-Punta do Barcelo
- 29-Punta Chenla
- 30-Punta Robaleira
- 31-Enseada e praia do Acoradouro
- 32-Punta Escandiña
- 33-Punta Forcadela. Praia de Lagos
- 34-Punta Testada
- 35-Punta Preguntouro
- 36-Area de Bon. Praia Cunchosa.
- 37-Punta de Bon

PERCORRIDO

Non é doado facer un percorrido lineal porque hai tres sitios con estradas nas que se circula nun só sentido -o centro de Bueu, o percorrido polas praias de Agrelo e Portomaior e o acceso á Area de Bon- que, se non os temos en conta, pódennos facer dar máis dunha volta. Unha opción e comezar en Bueu, saíndo do centro da vila en dirección a Marín e Pontevedra, onde pronto atopamos o desvío ás **praias de Agrelo e Portomaior**, a estrada dun só sentido percórreas un tramo bastante longo, e no remate debemos seguir o desvío á esquerda sinalizado. Na estrada principal volvemos saír á esquerda ata chegar ao desvío á **praia de Lapamán**. De Lapamán volvemos a Bueu para coller o desvío, á dereita da estrada, que nos permite circular pola beira do mar, para ver as praias do centro da vila e o porto e saír no remate á estrada principal para desviarse logo á **praia e ao porto de Beluso** para percorrelas a todo o longo, e seguir a estrada cara á **punta Trimiño**, que logo vira para subir á localidade. No centro de Beluso temos os desvíos aos outros puntos de interese da costa: o desvío a Cabo Udra, praia do Acoradoiro e praia da Mourisca e o desvío á Area de Bon e á praia de Lagos.


Polo desvío a **Cabo Udra** chegamos ao aparcamento da entrada ao espazo natural (o percorrido por Cabo Udra ten que facerse a pé) e a **praia de Acoradoiro**; e, pola estrada da dereita, á **praia da Mourisca** desde onde podemos acceder, a pé, cara á dereita, á **praia** e a **punta de Cornide** e a **praia da Tulla**; e, cara á esquerda, á **salga**, ás **puntas Mourisca** e do **Cagadoiro** e á **praia do Pedrón**.

Polo desvío á **Area de Bon** temos que baixar, volver a subir, e desviarnos logo á esquerda para baixar á **praia de Lagos**.


RÍA DE PONTEVEDRA

É a máis pequena das Rías Baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabicastro, ao norte e o cabo Udra, ao Sur.

É unha ría moi poboada e con intensa actividade pesqueira, marisqueira e industrial.



Costa de Bueu desde a praia Lapamán (ao fondo) ata a praia do Pedrón en Cabo Udra.






1-Praia Lapamán e punta Salgueiro. Na parte que está ao fondo da imaxe chámase Muíño Vello.



2-Praia de Covelo



3-Punta Salgueiro. Montegordo.



4-Praia de Porto Maior



Illote Cabezón da Ría.



5-Praia de Agrelo



Praia de Agrelo e rego da Pena



Cons na praia de Agrelo



6-Punta Corveiro



Praia Loureiro




7-Punta e praia de Petís



Punta Pescadoira



Vista aérea da costa entre a praia de Agrelo e a punta do Penedo.



Praia Pescadoira





8-BUEU. Porto, onde conviven pequenas embarcacións artesanais con grandes buques de arrastre.



Museo do Mar da familia Massó. Instalado en 1932 no edificio da antiga fábrica de conservas (construída en 1883). Foi adquirido e ampliado pola Xunta de Galiza en 2002. Mostra unha variada tipoloxía de embarcacións tradicionais, maquetas, libros antigos, cartas mariñas e aparellos de pesca, marisqueo e industriais.



9-Enxareda de Bueu



10-Praia de Bueu/da Banda do Río



11-Punta do Penedo



Carpintería de Ribeira (museo)



13-Praia de Beluso




14-Porto de Beluso




15-Praia A Roiba. Punta Arbosa e Illote do Muíño.




Beluso e Punta Trimiño.




16-Punta Trimiño



A Pedra Branca



Punta Trimiño.





Costa da Peira



17-Punta Sartaxens



17-Punta Sartaxens



Illote O Cabalo.



18-Punta Aguda



Pedras do Mel



19-Praia da Tulla



20-Punta Cornide



Punta Cornide



Praia da Mourisca




Salga na praia da Mourisca



Eucalipto na praia da Mourisca



Cons na punta da Mourisca




22-Praia Buceiro




23-Punta Cagadoiro



24-Praia do Pedrón. Cons do Pedrón.




Cano do Pedrón.





25- Enseada e punta Centoleira



27-Cabo Udra



Vista de Cabo Udra, coa illa de Ons ao fondo.




O **Cabo Udra** forma unha península no extremo Noroeste do Morrazo, no límite da ría de Pontevedra e pechando polo leste a ría de Aldán. É unha masa de rochas graníticas que forman cantís de media altura e paisaxes de grandes penedos e bolos. A erosión mariña deu lugar a unha gran diversidade de recunchos que acollen unha rica flora e fauna mariñas. Un dos valores ecolóxicos de maior interese constitúeno os fondos mariños poboados por algas que crean ricos ecosistemas para crustáceos, moluscos e peixes de grande valor comercial. Conta cunha aula da natureza. No Cabo Udra podemos gozar de vistas sobre toda a contorna



As rochas que constitúen Cabo Udra son un curioso tipo de pedra de gran (granodiorita precoz) con grandes cristais de feldespato branco. Por toda a zona aparecen curiosas formacións rochosas.



28-Punta do Barcelo



29-Punta Chenla



30-Punta Robaleira




31-Enseada e praia do Ancoradouro



32-Punta Escandiña



33-Punta Forcadela. Praia de Lagos



34-Punta Testada



35-Punta Preguntouro



Praia Cunchosa e punta Preguntouro



36-Area de Bon



37-Punta de Bon



38-Praia do Reventón e punta do Muíño



39-Punta do Muíño



40-Praia de Lagoelas



Costa desde Bon a Lagoelas

Enseada ou ría de Aldán, considerada por algúns autores como unha pequena ría, e por outros como unha prolongación da ría de Pontevedra; Situada entre o cabo Udra (arriba) e a punta do Couso. Está protexida do mar aberto pola península de Donón e a costa de Soavela.

